

## Denominación do Proxecto Subvencionado:

### Instalación de 2 caldeiras de biomasa no Centro de Saúde de Porto do Son.

Operación cofinanciada pola Unión Europea  
Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir unha economía máis limpa e sostible  
*Unha maneira de facer Europa*

## DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Descrición xeral do proxecto

Instalación dun sistema de biomasa (pellets) de carga automática cunha potencia nominal de 128 kW, cunha modulación desde 19 kW.

A caldeira alimentárase de modo automático desde un silo téxtil que se situará nunha sala anexa á beira da sala de caldeiras segundo podemos ver nos planos.

Instalarase un depósito de inercia de 1000 L que almacena a enerxía que xera a caldeira de biomasa.

Especificacións:

- Potencia térmica nominal: entre 19 e 128 KW.
- Rendemento:  $\geq 93\%$
- Aceso automático mediante resistencia de 240 W.
- Intercambiadores de calor verticais con 3 pasos de fumes
- Limpeza automática sen uso de auga
- Temperatura de fumes en modulación maior a 90° C e en carga completa inferior a 180° C. Modelo non condensación.

Sistema de quemador con parafuso infinito por afloramiento, con xestión de combustión mediante sensor de cámara para recoñecemento de calidade e densidade do pellet, sistema de protección anti-retroceso da chama mediante válvula con belimo de apertura eléctrica con par de 20 Nm e peche automático. Sensor de depresión de cámara de combustión con control de velocidade mediante sinal PWM de 0-10 V do extractor de fumes para manter sempre a mesma depresión dentro da cámara.

Sistema de limpeza automático mediante resortes e motor eléctrico de movemento por vibración para descarga de cinzas ao recipiente receptor do fondo.

Extracción de cinzas: extracción ata recipiente externo de 32 litros, mediante parafuso infinito e aspas de extracción.

A caldeira terá un rendemento de polo menos o 93% superando así o 80% tal e como indica o IT 1.2.4.1.2.1